



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 4 DE AGOSTO DE 2023

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Eliseo Bello Vázquez.

PP:

D. José Alfonso Carro Rioboo.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PP:

D. Jesús Mosquera Manteiga.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D. Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 4 de agosto de 2023, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 17, 23 E 26 DE XUÑO DO 2023.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:
"PROPOSTA Ó PLENO
MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

Vista a redacción actual da Ordenanza fiscal do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, cuio artigo 7.2 obriga, entre outros, ás persoas con mobilidade reducida, a renovar a solicitude de exención anualmente presentando cada ano todos os documentos necesarios, preténdese con esta modificación dispensar aos beneficiarios daa carga desa tramitación anual, eliminando dita esixencia do texto da ordenanza.

De conformidade cos artigos 15 a 19, 92 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar provisionalmente a seguinte modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica:*

No apartado 2 do artigo 7 da Ordenanza, eliminar do parágrafo a seguinte frase: "Esta solicitude deberá renovarse cada ano, presentando os documentos necesarios", de tal xeito que o citado parágrafo quedaría como segue:

"7.2. Para poder gozar das exención a que se refiren as letras e) e g) do apartado 1 deste artigo, os interesados deberán instar súa concesión, con anterioridade ao devengo do imposto, indicando as características do vehículo, a súa matrícula, a causa do beneficio e acreditar mediante a presentación da documentación na que consten a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. En caso de presentar a solicitude con posterioridade ao devengo do imposto, a concesión da exención terá efectos desde o período impositivo seguinte ao da solicitude."

(...) Disposición final:

A presente ordenanza fiscal, da que a última modificación aprobose provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 4 de agosto de 2023, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2024, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa"



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Segundo.- Expor ó público o presente acordo mediante anuncios no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- As reclamacións serán resoltas polo Pleno da Corporación en, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da modificación da Ordenanza.

Mesía, na data da sinatura electrónica.O alcalde, Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

Non habendo intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

3. APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE MESÍA.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA AO PLENO

APROBACION INICIAL REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE MESÍA

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, visto o artigo 191 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, que dispón que os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honras e distincións –a que se refiren os artigos 190 e 189 dese corpo legal-determinaranse nun Regulamento especial.

Considerando en consecuencia necesario aprobar o presente Regulamento para o adecuado outorgamento de honras e distincións deste Concello, de conformidade co artigo 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propono ó pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE MESÍA, que se transcribe como anexo ó presente acordo.

SEGUNDO: Proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderá definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, procedéndose á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Anexo:

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE MESÍA

CAPITULO I. Clases de honores e distincións

Artigo 1.

O artigo 191 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, dispón que os requisitos e trámites necesarios para a concesión dos honras e distincións -a que se refiren os artigos 190 e 189- determinaranse nun Regulamento especial.

Co fin de premiar especiais merecementos, destacados servizos ou beneficios sinalados para este municipio, e co de dar unha proba da alta estimación da que se fan acredores méritos, cualidades ou circunstancias singulares merecedoras do público agradecemento hacia os seus autores, o Concello de Mesía institúe os honores e distincións seguintes:

- Nomeamento de Fillo/a Predilecto/a de Mesía.
- Nomeamento de Fillo/a Adoptivo/a de Mesía.

Artigo 2.

Todas as distincións ás que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que polo tanto, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

Artigo 3.

O título de Fillo/a de Mesía terá dúas categorías:

- Fillo/a Predilecto/a.
- Fillo/a Adoptivo/a.

O título de fillo predilecto de Mesía, só poderá recaer nos que tendo nacido nesta localidade teñan destacado de forma extraordinaria polas súas cualidades ou méritos persoais ou servizos prestados en beneficio e na honra deste municipio e teñan alcanzado a consideración indiscutible no ámbito público.

O título de fillo adoptivo de Mesía, pola contra, require no galardado a circunstancia de non nacer no municipio de Mesía, debendo reunir as condicións sinaladas no parágrafo anterior.

Artigo 4.

Os títulos de fillo predilecto e fillo adoptivo serán vitalicios.

Excepcionalmente, ambos títulos poderán concederse como póstumo homenaxe ao falecemento de persoas nas que concorran os merecementos que fan acredores destas distincións.

CAPITULO II.- Normas para a concesión

Artigo 5.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Coa soa excepción de S.M. o Rei e Membros da Casa Real, non poderán adoptarse acordos que outorguen honores ou distincións a persoas que desempeñen cargos ou realicen funcións que non sexan meramente honoríficas en calquera das administracións e poderes públicos.

Esta limitación rematará cando transcorreran dous anos dende a data na que cesaron no desempeño dos expresados cargos.

Artigo 6.

Para a concesión de calquera das indicadas distincións honoríficas ou condecoracións, requirirase sempre a formación do oportuno expediente xustificativo, o cal incoarase previo acordo do Pleno do Concello, por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

A iniciativa para a incoación do expediente, que deberá de estar debidamente motivada, e poderá dimanar de proposta subscrita por:

- O Alcalde-Presidente.

- Polos membros da Corporación subscrita, polo menos, por sete dos seus membros, entre os que deberá figurar, polo menos, un representante de cada Grupo Político constituído no Concello.

Artigo 7.

O acordo de incoación do expediente conterá a designación dun concelleiro ao que, coa asistencia do secretario xeral, corresponderá a función de instruír e tramitar o expediente de xustificación de méritos e circunstancias, con inclusión de cantas informacións, probas ou dilixencias se necesiten para que os servizos, feitos ou actuacións consten fehacemente.

Artigo 8.

O instructor poderá interesar o ditame, opinión ou asesoramento de outras persoas, entidades, empresas, organismos ou Corporacións, ó fin de completar cantos elementos de xuízo requira o caso.

Cando algunha opinión, dato, informe ou consello se emita con carácter reservado, o instructor gardará segredo e impedirá calquera divulgación ou indiscreción.

Artigo 9.

Ultimado o expediente, o concelleiro instructor elevará proposta á Comisión Informativa Municipal correspondente, se a houber, que emitirá dictame, inspirado en severo criterio e baseado no valor certo dos méritos plenamente xustificados, e propondrá ó Pleno Municipal a concesión ou denegación do honor ou distinción.

Artigo 10.

O Pleno Municipal, á vista do expediente e do dictame a que se refire o artigo anterior, adoptará acordo definitivo por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Artigo 11.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Previo expediente que se instruirá coas mesmas características e garantías que para o outorgamento do honor ou condecoración, a Corporación poderá revocar o acto de concesión á persoa ou Entidade galardoada, se esta modifica profundamente a súa anterior conducta e os seus actos posteriores o fan indigno de figurar entre os galardoados.

CAPITULO III .- Imposición de distincións.

Artigo 12.

A concesión de distincións honoríficas, unha vez acordada polo Pleno Municipal, publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 13.

A entrega e imposición dos correspondentes títulos e distintivos efectuarase polo Sr. Alcalde-Presidente, en acto solemne que se celebrará no Salón de Sesións do Pleno da Casa Consistorial, ó que asistirá a Corporación en Pleno, e ó que, cando a trascendencia do galardón o requira, invitarase a autoridades e representacións.

Artigo 14.

Co emblema ou distintivo entregarase ó interesado unha credencial ou título, no cal se faga constar o nome e apelidos, resumen dos feitos, méritos ou servizos determinantes da concesión e breve reseña do acordo de outorgamento.

CAPITULO IV.- Libro de Honra e Distincións

Artigo 15.

Pola secretaría xeral do Concello deberá levarse un rexistro de honras e distincións honoríficas outorgadas pola Corporación, o cal denominarase Libro de Honra e Distincións, e compoñerase de dúas seccións numeradas, cuxos títulos serán os correspondentes ás dúas clases de distincións que se determinan no artigo 1º deste Regulamento.

Artigo 16.

En cada unha desas seccións inscribíranse os nomes de cada unha das persoas ou entidades premiadas, a data do acordo correspondente, e un breve resumo de méritos e servizos que motivaran a concesión.

Artigo 17.

Unidos ó Libro de Honra e Distincións do Municipio custodiaranse os expedientes instruídos para a concesión de honras e distincións.

DISPOSICION FINAL.

Este Regulamento foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria, de data 4 agosto de 2023, entrado en vigor logo de que se publique integramente o seu texto no BOP e transcorra o prazo de quince días a que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

*Mesía, na data da sinatura electrónica
Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”*

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

4. FIXACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Mariano Iglesias Castro, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, tendo en conta o escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña onde se nos require para formular proposta aprobada polo Pleno da Corporación na que consten as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste concello para o ano 2024.

Propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como días festivos locais para o ano 2024, o día 13 de febreiro, martes de Entroido, e o xoves 13 de xuño, Santo Antón.

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña.

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”

O Sr. Alcalde manifesta que sempre se propoñen estes días, o martes de Entroido, que xa é festivo en case toda a provincia, e logo cóllese San Antonio ou San Cidre segundo cadren, e éste ano óptase por San Antón, polo carácter eminentemente gandeiro do concello, e por ser tamén festa en Cabrui e Olas.

A Sra. Louro manifesta que vaise abster porque cada parroquia querría que fose festivo o día que é festa na súa parroquia.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por nove votos a favor, oito correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e un correspondente ao concelleiro presente do PP, e unha abstención, correspondente á concelleira do BNG.

5. APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILASANTAR E O CONCELLO DE MESÍA PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO AMBIENTAL ADQUISICIÓN DE CAMIÓN CON CAIXA



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

BASCULANTE PARA OS CONCELLOS DE VILASANTAR E MESÍA”, FONDO DE COMPENSACIÓN MEDIOAMBIENTAL ANUALIDADE 2023.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“ PROPOSTA AO PLENO

Vista a Orde do 29 de decembro de 2022 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.

Visto que, ao abeiro da dita orde, por resolución de data 16/5/2023 da Directora Xeral de Administración Local, se lle concede á agrupación de concellos do Concello de Mesía e do Concello de Vilasantar una subvención por importe de 38.931,75€ para a execución do “Proxecto ambiental adquisición de camión con caixa basculante”.

Visto o convenio de colaboración entre o Concello de Vilasantar e o Concello de Mesía para a execución do “Proxecto ambiental adquisición de camión con caixa basculante para os Concellos de Vilasantar e Mesía”, asinado en data 27/02/2023, que literalmente di:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VILASANTAR E O CONCELLO DE MESÍA PARA A EXECUCIÓN DO “PROXECTO AMBIENTAL ADQUISICIÓN DE CAMIÓN CON CAIXA BASCULANTE PARA OS CONCELLOS DE VILASANTAR E MESÍA” FONDO DE COMPENSACIÓN MEDIOAMBIENTAL ANUALIDADE 2023. SUBVENCIÓN EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A CONCELLOS AGRUPADOS.

Mesía, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, o Concello de Vilasantar con CIF P1509100B, e no seu nome e representación, D.Fernando Javier Pérez Fernández con DNI 32806179Z , en calidade de alcalde-presidente.

Doutra parte, o Concello de Mesía con CIF P1504800B e no seu nome e representación, D. Mariano Iglesias Castro con DNI 32787819H en calidade de alcalde - presidente.

Ambos en nome e representación do seu concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRRLL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 20 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Todas as partes recoñécense mutuamente plena capacidade para realizar o presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

Primeiro.- *A lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus interese e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.*

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidade Autónoma.

Segundo.- *O artigo 143.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, establece que as administracións poderán cooperar ao servizo do interese xeral e exercer as súas competencias en base ao dito principio.*

Terceiro.- *O artigo 143.2 da Lei 40/2015, regula a necesidade de formalizar a cooperación interadministrativa mediante aceptación expresa das partes mediante a sinatura do correspondente acordo ou convenio.*

Cuarto.- *A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, as entidades locais teñen a obriga de impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás*

súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida nas actuacións públicas.

Quinto.- *Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso realizar un exercicio de políticas públicas responsables, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.*

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación de servizos.

Sexto.- *A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, recolle ao longo do seu articulado o principio xeral de cooperación entre as administracións públicas.*

Sétimo- *ORDE do 29 de decembro de 2022 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19, do 27 de xaneiro de 2023).*

Os Concellos de Vilasantar e Mesía solicitan o día da sinatura dixital, a través da dita Orde, unha subvención en réxime de concorrencia competitiva mediante a fórmula de xestión compartida para a execución do "Proxecto Adquisición de camión con caixa basculante" cun orzamento total de 59.895,00 € (49.500,00 € + 10.395,00 € IVE).

CLÁUSULAS:

1.- *Creación dunha agrupación de Concellos de Vilasantar e Mesía sen personalidade xurídica propia, ós efectos da realización do "PROXECTO AMBIENTAL ADQUISICIÓN DE CAMIÓN CON CAIXA BASCULANTE para o Concello de Vilasantar e Concello de Mesía", subvencionado pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.*

2.- *O obxecto do convenio é a realización do "PROXECTO AMBIENTAL ADQUISICIÓN DE CAMIÓN CON CAIXA BASCULANTE para o Concello de Vilasantar e Concello de Mesía", que conta cun orzamento total de 59.895,00 € (49.500,00 € + 10.395,00 € IVE).*

3.- *Designase ao Concello de Mesía como concello representante da presente agrupación e ao alcalde de Mesía como coordinador e interlocutor ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo sendo o responsable da solicitude, execución e xustificación da dita subvención.*

4.- *O ámbito territorial ao que afecta o presente convenio son os termos municipais de Vilasantar e Mesía.*

5.- *Que os obxectivos das actuacións que se acorda desenvolver son:*

Gastos de investimento:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

A adquisición dun camión con caixa basculante de entre 3.500 e 7.500 kg de xeito conxunto por parte dos concellos de Mesía e Vilasantar.

O camión basculante destinarase ó transporte de equipamento e material nos traballos de protección do ambiente e do espazo natural. Dado o amplos que resultan estes apartados, indícanse, sen pretender facer unha lista exhaustiva, os seguintes exemplos: Transporte de terras, transporte de adubos ou emendas, transporte de plantas ou sementes, transporte de leña, retirada de restos de poda ou corta, retirada de lixo ou entullos tras labores de limpeza, transporte de ferramentas (rozadoras, motoserras, palas, trituradoras,...), transporte de material de peche (postes, malla, arame,...).

6.- *Os compromisos, derivados da execución compartida, asumidos por cada membro da agrupación son:*

6.1 A adquisición dun camión con caixa basculante será para desenvolver o seu traballo nos concellos de Vilasantar e Mesía.

6.2 O compromiso solidario de execución e de aplicación solidaria da subvención.

6.3 O compromiso de non disolver a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

6.4 O compromiso de facilitar ao concello representante da agrupación aqueles trámites e axilizar os procedementos necesarios para levar a cabo unha correcta execución e xustificación do proxecto.

7.- *Os importes de financiamento ao proxecto que achegará cada un dos concellos participantes para financiar os custes non subvencionados son:*

Entre as dúas entidades locais realizarase unha achega de igual importe para custear a parte do proxecto non subvencionado pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Se a subvención concedida ascende a 47.916,00 € (80% do proxecto) cada concello participante aportará a cantidade de 5.989,50 € para custear a parte do proxecto non subvencionada (11.979,00 €).

Se a subvención concedida é inferior á 47.916,00 € (80% do proxecto) cada concello participante aportará a metade do importe necesario para custear o total do proxecto.

8.- *O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante os cinco anos seguintes aos da realización do "Proxecto Adquisición de camión con caixa basculante".*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

9.- O presente convenio ten natureza administrativa, quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio asínase polas partes comparecentes o documento dixitalmente, na data que se sinala no encabezamento.

Fernando Javier Pérez Fernández
Alcalde do Concello de Vilasantar

Mariano Iglesias Castro
Alcalde do Concello de Mesía

Por todo o anteriormente exposto, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o citado convenio de colaboración entre os Concellos de Mesía e Concello de Vilasantar para a execución do proxecto denominado "PROXECTO AMBIENTAL ADQUISICIÓN DE CAMIÓN CON CAIXA BASCULANTE para o Concello de Vilasantar e Concello de Mesía".

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo. O alcalde, Mariano Iglesias Castro

Manifesta o Sr. Alcalde que fíxose unha solicitude co concello de Vilasantar para acadar esta subvención para un camión con caixa basculante para labores de xardinería e poda, resultando que para un proxecto de 59.895,00€ concederon 38.931,00€, tendo que repartirse entre os dous concellos a aportación restante.

Pregunta a Sra. Louro se vai utilizarse para a recollida conxunta de lixo para o punto limpo, respostando o Sr. Alcalde que non, e que Mesía e Vilasantar non comparten punto limpo.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

6. RATIFICACIÓN ACORDO "OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO VI." ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que por Decreto de Alcaldía núm. 218/2023, do 01/06/2023, se acordou a aprobación dunha solicitude de subvención para a realización do "OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO VI" ao abeiro da Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023, publicada no DOG núm. 85, de data 04.05.2023.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

Visto o disposto nos artigos. 1, 3 e 18 de dita Orde.

De conformidade co artigo 47.2.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, propónse ao Pleno a ratificación do seguinte ACORDO:

“1.- Crear unha agrupación entre o Concello de Ordes, o Concello de Frades e o Concello de Mesía para colaborar no desenvolvemento do proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo VI”.

2.- Encomendar a xestión do proxecto ao Concello de Ordes.

3.- Formalizar a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Mesía para a súa sinatura.

4.- Aprobar o proxecto técnico dos traballos: “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó -Río Samo VI”, redactado por José Cao Calvo, enxeñeiro agrónomo, cun orzamento de execución de 50.454,46 euros (IVE incluído).

5.- Aprobar o proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo VI” cun orzamento total de 600.851,01 € coas especialidades de:

- Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería (AGAO0108)

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)

6.- Solicitar da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da citada Orde, unha subvención para o desenvolvemento do proxecto “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó - Río Samo VI”, por importe de 531.046,20 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

7.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre a efectos da súa ratificación.”

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo Mariano Iglesias Castro. Alcalde.”

Manifesta o Sr. Alcalde que se conceden este obradoiro sería a sexta edición, e corresponderían a este concello cinco alumnos durante un ano de duración, tendo que aportar catorce mil euros.

Propón a Sra. Louro que se faga unha bolsa de emprego para despois coller xente, respostando o Sr. Alcalde que o consultará para ver si é legal e factible, porque o considera unha boa idea.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

7. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

8. DAR CONTA DOS DE ALCALDÍA DO 211 AO 313 DO ANO 2023.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACION DECRETOS 2023 DO 211 AO 313		
N ^a DECRETO	ASUNTO	FECHA
211	ERRÓNEA CONVOCATORIA SESION PLENARIA 02/06/2023	30/05/20 23
212	ALTA NO PROGRAMA DE ALIMENTOS 2023	30/05/20 23
213	CONVOCATORIA SESION PLENARIA ORDINARIA NUM.5 DO 02/06/2023	30/05/20 23
214	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA NÚM. 11 DO 01/06/2023	30/05/20 23
215	APROBACION CERTIFICACIÓN 1ª E FINAL DA OBRA "CAMIÑO A CASANOVA (CABRUI)"	31/05/20 23
216	APROBACIÓN CERTIFICACION 1ª E FINAL DA OBRA CAMIÑO NA TIEIRA (CABRUI) E OUTROS	31/05/20 23
217	CONCESIÓN AUTORIZACIÓN ENGANCHE Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	21/05/20 23
218	ACORDO SOLICITUDE SUBVENCION OBRADOIRO DE EMPREGO BRAÑAS DO ILLÓ - RÍO SAMO VI. ORDES, FRADES E MESIA. ANO 2023	01/06/20 23
219	ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO LUGAR DAS CALLES 4 OLAS.	01/06/20 23
220	APROBACIÓN CAMBIO TITULAR NO PADRÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	02/06/20 23
221	CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS ANO 2023	02/06/20 23
222	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO LUGAR DE MANDAS, 3 - OLAS	05/06/20 23
223	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS SOCORRISTAS PARA A VIXILANCIA E SALVAMENTO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DURANTE A TEMPADA ESTIVAL 2023	05/06/20 23
224	CAMBIO DE TITULARIDADE NO PADRÓN DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS ANO 2023	06/06/20 23
225	EXECUCION DO GASTO 06/06/2023	06/06/20 23



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS 2023 DO 211 AO 313		
N ^a DECRETO	ASUNTO	FECHA
226	CORRECCION ERROS DECRETO 119-2023.	07/06/2023
227	CAMBIO DE TITULARIDADE DO CONTRATO DE ENGANCHE Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	07/06/2023
228	CORRECCION ERROS DECRETO 154-2023	07/06/2023
229	CORRECCION ERROS DECRETO 122-2023	07/06/2023
230	APROBACION SOLICITUDE SUBVENCION E ACORDOS QUE PROCEDAN_PROGRAMA PLAN CORRESPONSABLES ANO 2023	08/06/2023
231	APROBACION LIQUIDACIÓN SERVICIOS PRESTADOS PAI XUÑO 2023	08/06/2023
232	APROBACION PROVISIONAL PADRÓN DA TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO E SERVICIOS COMPLEMENTARIOS ANO 2023	08/06/2023
233	EXECUCION DO GASTO 09/06/2023	09/06/2023
234	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA NUM.12 DE 14/06/2023	09/06/2023
235	CONCESION NACEMENTO FILLA ARIA O 27/05/2023	09/06/2023
236	CONVOCATORIA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA NUM.6 DE 14/06/2023	09/06/2023
237	XERACION DE CREDITO 08/2023. SUBVENCION XUNTA. INCENDIOS (DIFERENZAS ENTRE O PRESUPUESTADO E O CONCEDIDO)	09/06/2023
238	ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO LUGAR DE EMPALME DE LANZÁ 37. LANZÁ	12/06/2023
233	EXECUCION DO GASTO 09/06/2023	09/06/2023
234	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA NUM.12 DE 14/06/2023	09/06/2023
235	CONCESION NACEMENTO FILLA ARIA O 27/05/2023	09/06/2023
236	CONVOCATORIA SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA NUM.6 DE 14/06/2023	09/06/2023
237	XERACION DE CREDITO 08/2023. SUBVENCION XUNTA. INCENDIOS (DIFERENZAS ENTRE O PRESUPUESTADO E O CONCEDIDO)	09/06/2023
238	ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO LUGAR DE EMPALME DE LANZÁ 37. LANZÁ	12/06/2023
239	DESIGNACIÓN MEMBROS TRIBUNAL CUALIFICADOR E FIXACIÓN DA DATA PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE SETE PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO A XORNADA COMPLETA	12/06/2023
240	DESIGNACIÓN MEMBROS TRIBUNAL CUALIFICADOR E FIXACIÓN DA DATA PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE CATRO PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO A MEDIA XORNADA	12/06/2023
241	DESIGNACIÓN MEMBROS TRIBUNAL CUALIFICADOR E FIXACIÓN DA DATA PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL-COORDINADOR/A	12/06/2023
242	EXECUCION DO GASTO 13/06/2023	13/06/2023
243	SESION PLENARIA CONSTITUTIVA NUM .7 DE 17 DE XUÑO DE 2023	13/06/2023
244	APROBACION CERTIFICACION OBRA CAMIÑO PONTE CARBALLA A CRUCE SOUTELO (OLAS) POS ADICIONAL 2/2022,	13/06/2023
245	APROBACION EXPEDIENTE C03/2023 CAMIÑO CRUCE REGUEIRO-CRUCES MOU	14/06/2023
246	APROBACION EXPEDIENTE C04/2023 CAMIÑO DE AC-223 A BUSTO (VISANTOÑA)	14/06/2023



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS 2023 DO 211 AO 313		
N ^a DECRETO	ASUNTO	FECHA
247	EXECUCION DO GASTO 14/06/2023 . ASISTENCIAS PLENOS, XGL E COMISION CONTAS (ATA 14/06/2023, INCLUSIVE)	14/06/2023
248	APROBACION LISTA ADMITIDOS-EXCLUIDOS PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE DOUS/DÚAS SOCORRISTAS PARA A VIXILANCIA E SALVAMENTO DAS PISCINAS MUNICIIPAIS DURANTE A TEMPADA ESTIVAL 2023	14/06/2023
249	EXECUCION DO GASTO 15/06/2023. NOMINAS EXTRA XUÑO 2023	15/06/2023
250	NOMEAMENTO DOUS/DÚAS SOCORRISTAS PARA A VIXILANCIA E SALVAMENTO DAS PISCINAS MUNICIIPAIS DURANTE A TEMPADA ESTIVAL 2023	20/06/2023
251	DESIGNACION MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL	20/06/2023
252	NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE	20/06/2023
253	DESIGNACION CONCELLERIAS DELEGADAS	20/06/2023
254	DELEGACIONES DE ALCALDIA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL	20/06/2023
255	SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA NUM.8 DE 23 DE XUÑO DE 2023	20/06/2023
256	SESION PLENARIA EXTRAORDINARIA NUM.9 DE 26 DE XUÑO DE 2023	21/06/2023
257	APROBACION FACTURA OBRA CAMIÑO NA CASANOVA (CABRUI) POS+2022	21/06/2023
258	APROBACION FACTURA OBRA CAMIÑO NA TIEIRA (CABRUI) POS+2022	21/06/2023
259	DESIGNACIÓN MEMBROS TRIBUNAL CUALIFICADOR E FIXACIÓN DA DATA PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE EDUCADOR/A FAMILIAR	21/06/2023
260	DESIGNACIÓN MEMBROS TRIBUNAL CUALIFICADOR E FIXACIÓN DA DATA PARA A VALORACIÓN DE MÉRITOS DO PROCESO SELECTIVO ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO SERVIZOS SOCIAIS	21/06/2023
261	SUBSTITUCIÓN AUXILIAR DE APOIO PAI OS CAMIÑOS	21/06/2023
262	APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS/AS-EXCLUÍDOS/AS E LISTA DE AGARDA PRAZAS PAI OS CAMIÑOS 2023-2024	21/06/2023
263	XENERACION DE CREDITO 09/2023. SUBVENCION DEPUTACION. SOCORRISTAS 2023 (DIFERENZAS ENTRE PRESUPUESTADO E CONCEDIDO)	22/06/2023
264	DECLARACION DESERTA LICITACION EXPTE. C02/2023 CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL BAR-CAFETERIA PISCINA MUNICIPAL	22/06/2022
265	EXECUCION DO GASTO 23/06/2023	23/06/2023
266	LIQUIDACION SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR MES MAIO 2023	26/06/2023
267	CONVOCATORIA XGL CONSTITUTIVA NUM.13 DE 29 DE XUÑO DE 2023	27/06/2023
268	CONVOCATORIA XGL ORDINARIA NUM.14 DE 29 DE XUÑO DE 2023	27/06/2023
269	CONCESIÓN AUTORIZACIÓN ENGANCHE Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	27/06/2023
270	EXECUCION DO GASTO 29/06/2023.	29/06/2023
271	APROBACION PARTICIPACION POS+ ADICIONAL 2/2023	29/06/2023
272	EXECUCION DO GASTO 29-06-2023. NOMINAS MES XUÑO 2023	29/06/2023
273	ALTA POR CAMBIO DE RESIDENCIA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES	29/06/2023



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS 2023 DO 211 AO 313		
N ^a DECRETO	ASUNTO	FECHA
274	APROBACION CONTRATO MENOR SERVIZOS REALIZACION DE ACTIVIDADES CONCILIACION CAMPAMENTOS VERAN CONCELLO DE MESIA 2023	30/06/2023
275	APROBACION EXPTE C06/2023 SUMINISTRO DE ENERGÍA ELÉCTRICA	03/07/2023
276	DECRETO ADXUDICACION CONTRATO DE OBRA CAMIÑO DA FONTE (BASCOI) A COUTO (XANCEDA) POS+2023	03/07/2023
277	ADXUDICACION CONTRATO DE OBRA CAMIÑO DE GANDARELA A IGREXA (BASCOI) POS+2023	03/07/2023
278	ADXUDICACION CONTRATO DE OBRA CAMIÑO NA PICHA (MESÍA)E OUTROS	03/07/2023
279	ADXUDICACIÓN CONTRATO DE OBRA CATRO CAMIÑOS (MESÍA) E OUTROS. POS+2023	03/07/2023
280	APROBACION SOLICITUDE SUBVENCION PROXECTO PIMA CAMBIO CLIMATICO PRESERVACIÓN DA VEXETACIÓN DE RIBEIRA E FILTROS VERDES NAS BRAÑAS DA VALGA DO CONCELLO DE MESIA	03/07/2023
281	NOMEAMENTO SOCORRISTA PARA A VILIXANCIA E SALVAMENTO DAS PISCINAS MUNICIPAIS DURANTE A TEMPADA ESTIVAL 2023	05/07/2023
282	ALTA POR CAMBIO DE RESIDENCIA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES	05/07/2023
283	APROBACION FACTURA OBRA CAMIÑO PONTE CARBALLA A CRUCE SOUTELO (OLAS) POS + ADICIONAL 2/2022	07/07/2023
284	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL	07/07/2023
285	EXECUCION DO GASTO 07-07-2023	07/07/2023
286	APROBACION LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS/AS-EXCLUIDOS/AS E DE AGARDA PRAZAS PAI CURSO 2023-2024	07/07/2023
287	BAIXA USUARIO SAF	07/07/2023
288	CORRECCION DE ERRO EN BAIXA SAF JMNR	07/07/2023
289	XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA NUM.15 DE 13/07/2023	11/07/2023
290	CONCESION ENGANCHE Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	12/07/2023
291	CONCESION ENGANCHE Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	12/07/2023
292	ALTA PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO LUGAR DO CAMPO 4. XANCEDA.	12/07/2023
293	CAMBIO NO A PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DO LUGAR DA FONTE 9 AO LUGAR DO CAMPO 4. XANCEDA.	12/07/2023
294	CONCESIÓN AUTORIZACIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	12/07/2023
295	CONCESIÓN AUTORIZACIÓN ENGANCHE Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	13/07/2023
296	CONCESION AUTORIZACION ENGANCHE A REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA MUNICIPAL	13/07/2023
297	APROBACION DEFINITVA PADRON DE LIXO 2023	13/07/2023
298	CONTRATAACION EDUCADORA INFANTIL_SUBSTITUCION _BAIXA POR RISCO DE EMBARAZO	14/07/2023
299	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES	17/07/2023
300	XENERACION DE CREDITO 10/2023. SUBVENCION XUNTA AGADER. PMCM 2023-2024. ANUALIDADE 2023. OBRA CAMIÑO EN MATA XANCEDA DA AC-524 A AC-223 E OUTRO	18/07/2023
301	ALTA POR CAMBIO DE RESIDENCIA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES	19/07/2023



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

RELACION DECRETOS 2023 DO 211 AO 313

N ^a DECRETO	ASUNTO	FECHA
302	XENERACION DE CREDITO 11/2023. SUBVENCION XUNTA. ACONDICIONAMENTO ASEOS PAVILLON POLIDEPORTIVO XANCEDA 2023-2024. ANUALIDADE 2023	19/07/2023
303	APROBACIÓN EXPTE C05/2023. CAMIÑO EN MATA-XANCEDA DA AC-524 A AC-223 E OUTRO. PMC 23-24	20/07/2023
304	XENERACION DE CREDITO 12/2023. SUBVENCION XUNTA. ADQUISICION MATERIAL EQUIPAMENTO DEPORTIVO 2023-2024. ANUALIDADE 2023	20/07/2023
305	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES POR CAMBIO DE RESIDENCIA	20/07/2023
306	CM 32/2023 ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO ASISTENCIAL SERVIZOS SOCIAIS. POS+ADICIONAL 1/2023 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.	21/07/2023
307	ADXUDICACION CONTRATO OBRA C03/2023 CAMIÑO CRUCE REGUEIRO-CRUCE MOU (CABRUI). POS ADICIONAL 2/2022	24/07/2023
308	ADXUDICACION OBRA C04/2023 CAMIÑO DE AC-223 A BUSTO (VISANTOÑA) POS ADICIONAL 2/2022	24/07/2023
309	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA NÚM. 16 DO 27/07/2023	24/07/2023
310	XENERACION DE CREDITO 13/2023. SUBVENCION XUNTA. ADQUISICION CAMION CON CAIXA BASCULANTE PARA OS CONCELLO DE VILASANTAR E MESIA.	26/07/2023
311	EXECUCION DO GASTO 27/07/2023. COMISIONS REMESA DOMICILIACIONES SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR MES MAIO 2023	27/07/2023
312	LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2024	27/07/2023
313	EXECUCION DO GASTO 28/07/2023. NOMINAS MES XULLO 2023	28/07/2023

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

9. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 18 DE MAIO, 1, 14 E 29 DE XUÑO E 13 DE XULLO DO ANO 2023.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Pregunta a Sra. Louro pola celebración dunha Xunta de Goberno só para aprobar un acta, respostando o Sr. Alcalde que é unha esixencia legal cando acaba a lexislatura.

Non habendo máis intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. Alcalde que a Sra. Louro presentou por rexistro dous rogos, dos que todos os concelleiros teñen copia. Toma a palabra a Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

O Grupo Municipal do BNG do Concello de Mesía presenta o seguinte rogo, para asignación económica aos grupos políticos, ao abeiro da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no seu artigo 73:

“O Pleno da corporación, con cargo aos Orzamentos anuais da mesma, poderá asignarlles aos grupos políticos unha dotación económica que deberá ter un compoñente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles. , nos límites que, de ser o caso, se establezan con carácter xeral nas Leis de orzamentos xerais do Estado e sen que poidan destinarse ao pagamento das retribucións do persoal de calquera índole ao servizo da sociedade ou á adquisición de bens que poden constituír inmovilizado de carácter patrimonial.”

Esta asignación xa se ven demandando desde o anterior mandato, coa resposta de que iba a ser estudada a petición pero nunca foi atendida. De novo, pedimos de maneira oficial, mediante este rogo, que se lle conceda unha asignación aos grupos políticos da corporación do Concello de Mesía.

Poñemos como exemplo a asignación que teñen outorgada por ano os concellos veciños da comarca :

ORDES: 4200 grupo político, 1440 concelleiro.

OROSO: 1000 grupo, 600 concelleiro.

CERCEDA: 600 grupo, 600 concelleiro.

FRADES: 600 grupo, 600 concelleiro.

TRAZO: 1000 grupo, 500 concelleiro.

Mesía, 31 de xullo de 2023. Asdo. Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG”

Manifesta o Sr. Alcalde que, salvo Frades, pouca relación teñen os outros concellos con Mesía, pero Boimorto, similar a Mesía orzamentariamente, e Curtis, Oza, Carral e Abegondo, superiores orzamentariamente, todos limítrofes, non teñen asignación. E Sobrado, Santiso ou Toques, éstos dous últimos gobernados polo BNG, tampouco teñen asignación. Nunca houbo asignacións neste concello e na maioría de concellos tampouco as hai.

Manifesta a Sra. Louro que os concellos sinalados eran unha referencia, vostede toma como exemplo a outros e nós acatamos a súa decisión.

Pasa a palabra o Sr. Alcalde novamente á Sra. Louro para que de conta do outro rogo rexistrado. Toma a palabra a Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA A GRAVACIÓN DAS SESIÓNS PLENARIAS.

As sesións do Pleno son públicas (artigo 88 do ROF) e é de interese democrático que a veciñanza poida seguilas, e así coñecer de primeira man as resolucións que adoptan os seus representantes e as razóns polas que chegan a elas, ás veces despois de debates que poden ser clarificadores. A asistencia presencial está limitada, non só polo espazo dispoñible senón sobre todo polos



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

horarios, ás veces incompatíbeis con outras obrigas laborais, persoais ou sociais. Moitos concellos están asumindo como norma a gravación dos Plenos e mesmo a utilización da gravación en vídeo como acta do propio Pleno, video-acta, o que facilita tamén o labor do persoal municipal, co resultado dun documento fiel do acontecido na sesión, susceptíbel de difundir polos medios que se determinen.

En calquera caso, acéptese ou non a conformación de video-acta, o BNG formula o seguinte

ROGO:

O BNG solicita ao goberno municipal do Concello de Mesía que arbitre as medidas necesarias para a **gravación en vídeo das sesións plenarias**, para a posta a disposición da gravación aos membros da Corporación e para súa difusión para coñecemento da veciñanza.

Mesía, 31 de xullo de 2023. Asdo. Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG”

Manifesta o Sr. Alcalde que non coñece concellos similares que graven os plenos, e que o fagan outros máis grandes non nos pode condicionar. Tampouco o persoal mostrou a necesidade de facelo. Pero as sesións son públicas e cadaquén pode gravar o que queira.

Pasa a palabra o Sr. Alcalde novamente á Sra. Louro para que de conta de outro rogo rexistrado cando xa se tiña feita a convocatoria. Toma a palabra a Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA A A SOLICITUDE DE TRANSPORTE NOCTURNO.

A siniestralidade vial nas nosas estradas é unha eiva que ten a nosa sociedade, sobre todo na etapa vital da xuventude. Cando acontecen as Grandes Festas do período estival, moita da nosa mocidade colle o coche para desprazarse ata os principais lugares de encontro festivo, sen ter unha alternativa viable de transporte público.

Dende o BNG, cremos que non é preciso mencionar a casuística particular de accidentes que ten sufrido a mocidade deste concello, e por extensión, da nosa comarca. As persoas do rural temos o mesmo dereito a este tipo de servizos que os cidadáns das áreas metropolitanas. A maior parte das vítimas deste cóctel forman parte de ámbitos rurais, e cando a pirámide de poboación se reduce pola base, o futuro non é moi esperanzador para o noso municipio.

Nas próximas datas, a nosa xuventude desprazarase ata festas e festivais, como as ‘Virtudes’, festival da Luz, Festas de Ordes e Melide. Conducirán decenas de Quilómetros, co agravante da nocturnidade e do cansazo.

ROGO:

Debido á recente decisión da consellería de Infraestruturas e Mobilidade de voltar a ofrecer nun reducido ámbito xeográfico o servizo de Transporte nocturno de Bus, 12 anos após a experiencia exitosa do ‘Noitebús’. Rogamos



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 - Fax 68 70 69

ao *Goberno Municipal que inste á Consellería de Mobilidade da Xunta de Galicia, a que lle ofrezca os datos necesarios para a posible próxima implantación deste necesario servizo, visto (dende a nosa opinión) que o Plan de Transporte Público da Xunta, non satisface os intereses do noso concello.*

E se deste xeito non é posible, instamos que o vindeiro ano se aplique este servizo. Sempre coa interlocución e colaboración decidida entre ámbalas administracións, co obxectivo de tentar que non se volvan a producir situacións dramáticas para as familias de Mesía.

Mesía, 3 de agosto de 2023. Asdo. Beatriz Louro López, portavoz do Grupo Municipal do BNG"

Manifesta o Sr. Alcalde estar de acordo, e que se instará á Xunta, e se a Xunta non axuda, valorarase a posibilidade de facer algo en certas datas ou en certas festas. Indica a Sra. Louro que sería interesante non só para a xuventude, engadindo a Sra. Sánchez que xa se fixo nalgunha ocasión para cousas puntuais.

Pregunta así mesmo a Sra. Louro polo servizo de madrugadores, respostando a Sra. Sánchez que hai dous persoas fixas, unha que aínda está pendente, e catro ou cinco que lles encantaría, pero non polo momento. Pode empezar o servizo como proxecto piloto, a subvención está concedida, e se a xente ve cómo funciona, pode sumarse.

Pregunta o Sr. Carro polo criterio que se sigue para asfaltar diante das casas, respostando o Sr. Alcalde que necesidades puntuais e concretas, en casos de cesión de terreos ao concello por unha licenza ou cando se trata de xente maior, con dolencias crónicas ou que necesita ser recollida en ambulancia.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.